

## II CONCURSO DE RELATOS CURTOS SOBRE A INMIGRACIÓN: “Amig@ inmigrante”

### BASES DO CONCURSO:

Organizado pola concellaría de Benestar Social do concello de Nigrán a través do Servizo de atención ó inmigrante e retornado, e cofinanciado polo Ministerio de Traballo e Inmigración e a Xunta de Galicia. Esta actuación atópase enmarcada dentro da área de sensibilización do I Plan Municipal de Integración da Poboación Inmigrante (2008-2011).

### FINALIDADE:

Partindo de que a literatura é un importante vehículo de expresión, o obxecto da convocatoria é a creación dun espazo de reflexión e creación literaria, sobre o fenómeno migratorio, para reflectir unha realidade multicultural, que se vai transformando día a día, tanto nas sociedades de orixe como nas de destino e promovendo así, un achegamento á realidade das migracións, participando así, na conmemoración do Día Internacional do Inmigrante, 18 de decembro.

### I: Temática

O contido dos relatos deberá versar sobre o tema das migracións en sentido amplo: (emigración, inmigración, a chegada, o adeus, a acollida, o retorno. ..)

### II: Persoas destinatarias

Establécense dúas categorías:

1ª Categoría: participantes de entre 12 e 18 anos.

2ª Categoría: participantes maiores de 18 anos.

### III: Obras

A modalidade de participación será un relato curto, cunha extensión de entre 3 e 10 folios, en formato papel tamaño DIN-A4 mecanografiado a dobre espazo e por unha soa cara, escrito en lingua galega exclusivamente, debendo ser orixinal e inédito, pudiéndose presentar unicamente unha obra por autor.

### IV: Prazo e forma de presentación

O prazo de presentación rematará o 31 de outubro de 2008.

Os traballos presentaranse nun sobre pechado, dirixido o ó Servizo de atención ó inmigrante e retornado do Concello de Nigrán (Estrada pola Vía, 65. CP 36350. Panxón, Nigrán),

No exterior do sobre figurará o título do relato e o pseudónimo;

No interior do sobre presentarase dous exemplares do relato, co título e asinado co pseudónimo igualmente. Xunto co relato, noutro sobre pechado, co mesmo título e o pseudónimo no exterior, achegaranse os datos pessoais do autor (nome e apelidos, idade, enderezo, teléfono e e-mail).

### V: Premios

1ª Categoría: 1º premio dotado con 150 euros e 2º premio dotado de 100.-€.

2ª Categoría: 1º premio: dotado con 400 euros; 2º premio dotado con 200.

O xurado resérvase o dereito de conceder un accesit, se así o considera, ó tenor da calidade das obras presentadas.

A participación neste concurso implica a cesión, por parte do autor, dos dereitos da súa obra ó concello de Nigrán, polo que os orixinais quedarán en poder do concello, que se reserva o dereito á súa publicación, exposición, reprodución ou calquera outro tratamento posterior, sempre sen ánimo de lucro.

### VI: Proceso de selección de gañadores

O xurado estará presidido por unha persoa de recoñecido prestixio dentro do mundo literario, e integrado pola concelleira de Benestar Social, o concelleiro de Cultura e persoal do Servizo de atención ó inmigrante e retornado.

A valoración das obras realizarase conforme ós seguintes criterios: calidade do traballo, correspondencia coa temática da Certame e orixinalidade.

O fallo do xurado será inapelable, pudiéndose declarar deserto calquera dos premios.

### VII: Publicación dos resultados

O fallo do xurado darase a coñecer na páxina Web do Concello e se comunicará individualmente ós gañadores por teléfono e por correo postal.

### VIII: Outras consideracións

A participación neste certame supón a plena e total aceptación das presentes bases. O concello de Nigrán quedará eximido de calquera responsabilidade derivada do plaxio ou de calquera outra transgresión da lexislación vixente na que puidera incurrir calquera dos participantes. Toda cuestión ou dúbida que poida xurdir na súa interpretación será resolta polos membros do xurado. Máis información no teléfono: 986 38 30 81

De conformidade co previsto na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, usted queda informado e acepta expresamente que os seus datos persoais serán incluídos no seguinte ficheiro titularidade do concello de Nigrán: Ficheiro denominado Concurso de Relatos Curtos. En calquera momento poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación e cancelación, coa referencia Protección de Datos indicando o nome do ficheiro e o dereito que exercita.